Recomendación dirixida ao Concello de Ares para que se proceda a comprobar a realidade dos feitos denunciados, adoitando, se fose fuera necesario, as medidas adecuadas e razoables dentro dos límites tolerables de conformidade coa normativa vixente aplicable.

Expediente: N.9.Q/6830/21

Santiago de Compostela, 10 de novembro de 2021

Sr. alcalde:

Nesta institución iniciouse expediente de queixa como consecuencia do escrito presentado por D. [redacted] en relación á inactividade do Concello de Ares ante a contaminación acústica producida por unha campá .

ANTECEDENTES

PRIMEIRO.- Con data 7 de xuño de 2021, D. [redacted] presenta escrito de queixa ante a Valedora do Pobo, no que fai constar como motivo da mesma o seguinte:

"MOTIVO DE LA QUEJA: Soy usufructuario de un apartamento - ático en la Rua [redacted] de Ares. Este apartamento se encuentra a aprox. 50 metros de una campana propiedad del Ayuntamiento, cuyo campanario y mi apartamento se encuentran prácticamente a la misma altura. Durante las 24 horas del día el campanario da las medias y las horas. Yo he consultado con algunas empresas homologadas en la medición de nivel de ruído y me han dicho que, en esas condiciones es, prácticamente imposible que se cumplan el ordenamiento jurídico estipulado en el R.D 1367/2007 Anexo II Tabla B-2, DOG 145/2015 Y DOG106/2015

En el día de hoy (04/06/2021) he tenido una reunión con el Sr. Alcalde de Ares para exponerle mi caso y solicitarle que realice una inspección acústica del ruído transmitido por la campana en la vivienda y me ha dicho que no va hacer nada, que los vecinos de Ares están totalmente

de acuerdo con mantener la campana en su situación actual y que no va a permitir que la campana deje de tocar porque lo pida un vecino, que si quiero ir a los tribunales que vaya y que no va a pedir ninguna inspección, que la pida yo, que él no la va a paralizar la campana hasta que haya una sentencia en firme. Yo le he expresado mi manifiesto desacuerdo ya que el cumplimiento de las layes está por encima de cualquier otra consideración, también le he manifestado que la carga de la prueba está sobre el ayuntamiento y no sobre mi. En fin, no he tenido éxito.

*Solicito a Vda. que interceda ante el ayuntamiento para ver de solucionar este asunto. Le envío a través de otro correo el escrito que he registrado en el ayuntamiento por si puede ser de utilidad para Vd".***

SEGUNDO.- A queixa foi admitida a trámite promovendo, dende esta institución, unha investigación sumaria e informal para o esclarecemento dos supostos en que se baseaba, requirindo o preceptivo informe a ese concello.

TERCEIRO.- Na data 6 de outubro de 2021, recíbese nesta institución informe emitido pola Concello de Ares segundo o cal*:*

"[redacted], Alcalde-Presidente do Concello de Ares, provincia de A Coruña, en nome e representación do mesmo a teor do previsto no artigo 21.1.b) da Lei Reguladora das Bases do Réxime Local, de 2 de abril de 1985, e concordantes do Real Decreto lexislativo 781/1986, de 18 de abril, o Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro e 61.1 a) da Lei 5/1997, de 22 de xullo de Administración Local de Galicia, con D.N.I. xxxxxxxxxxx ante a Sra-. Valedora do Pobo comparece e como mellor proceda en Dereito, comparezo e DIGO:

Expediente : N.9.Q/6830/21

Que recibidos escritos de 2 de agosto e 9 de setembro pasado desa Institución comunicando queixa manifestada por Dn. [redacted] :

Primeiro.- Nesta poboación de Ares como en multitude doutras do territorio nacional - inclusive con máis arraigo de campanadas como tradición que perdura ao longo dos séculos- veñen levándose a cabo o toque de campás nunha torre municipal adxacente á Igrexa parroquial sen que ata o momento se producira queixa sobre molestias.

Ao marxe de que a Lei do Ruído de 2003 deixa fora do seu alcance as campanadas; efectuado informe dos Servizos de Urbanismo de 22 de setembro actual, concluése que a vivenda do Sr. [redacted] na medición encargada polo mesmo, non recolle os valores mínimos de illamento

acústico que debe cumprir o seu inmoble dado que revisados antecedentes, dito inmoble non se corresponde, segundo o proxecto técnico edificatorio, cunha vivenda ou uso residencial, senón que corresponde a un rocho baixo cuberta e conseguíntemente descoñécese se dito rocho cumpre as medidas do Código Técnico que deben reunir as vivendas.

Non consta neste Concello presentación, tramitación e autorización de cambio de uso do inmoble de rocho a vivenda.

Adxúntase informe dos servizos de urbanismo , ea o marxe das medidas que correspondan adoitar de protección da legalidade e restauración da orde urbanística previo informe xurídico que solicitarase, esta alcaldía entende que a queixa presentada debe der obxecto de arquivo, sendo informada isa institución das resolucións e medidas que se adoiten en relación ao presente caso".

No informe dos servizos de urbanismo, faise constar o seguinte:

" INFORME DOS SERVIZOS DE URBANISMO.

Asunto: Informe sobre solicitude de medidas correctoras para o Reloxo da Torre. Situación: Praza da Igrexa,Concello de Ares. Solicitante: Secretaria do Concello de Ares.

[redacted], Arquitecto Técnico do Concello de Ares, a solicitude da Secretaría do Concello de Ares, acerca da solicitude de medidas correctoras para o Reloxo da Torre municipal sita na Praza da Igrexa", cabe realizar o seguinte

INFORME:

Antecedentes.- Con data 28/06/2021 D. [redacted], achega escrito no que manifesta que o reloxo municipal sito na praza da Igrexa está a perturbar e impedir o descanso da súa familia no seu domicilio sito na Rúa [redacted], do casco urbano de Ares.

Primeiro.- Segundo a documentación achega co escrito, un informe de inspección sonométrica co obxecto de avaliar a transmisión do ruído no interior do inmoble. En dito informe conclúese que mediante os datos obtidos na medición interior realizada, as badaladas do reloxo, en horario nocturno superan en 9 dB o máximo permitido pola regulamentación de aplicación.

Segundo.- En dito informe non se recolle o illamento acústico da vivenda, polo que se procedeu a revisar o proxecto polo que se concedeu a pertinente licenza municipal de obras, para coñecer os valores mínimos de illamento acústico que debe de cumprir o inmoble.

Terceiro.- Segundo a documentación consultada o edificio onde se asenta a vivenda executouse nun polígono non consolidado que contaba cunha edificabilidade máxima permitida para uso residencial e cunha limitación para o número de vivendas a executar.

Cuarto.- En dito proxecto a denominada vivenda [redacted], era un rocho na planta baixo cuberta, e polo tanto non ten porque contar co illamento acústico dunha vivenda. Non existe constancia algunha da presentación de solicitude ou proxecto algún para o cambio de uso do inmoble.

Tal é o meu informe, non obstante, outro órgano con superior criterio estimará o que crea conveniente".

Á vista do contido do escrito de queixa e do que se manifesta na información da Administración, cómpre facer as seguintes

CONSIDERACIÓNS

PRIMEIRA.- **A pretensión do Sr. [redacted] non parece ser que o reloxo da torre municipal sita na praza da igrexa deixe de funcionar** senón que, tal e como consta no escrito que presentou nese concello e que achegou a esta institución xunto co escrito de queixa, ***que se den as oportunas instruccións para que a campana do reloxo deixe de tocar durante o periodo que vai das 12 da noite ás 8 da mañán,*** polo tanto **o obxecto da queixa é que se regulen os tempo nos que as campás do reloxo poidan tocar.**

SEGUNDA.- **Trátase, polo tanto, dunha cuestión ambiental** en tanto o son das campás do reloxo da torre municipal sita na praza da igrexa, está presente no ambiente e **molesta aos veciños, independentemente da natureza do emisor.**

TERCEIRA.- Tendo en conta o anterior, debemos destacar que **corresponde aos concellos un papel fundamental na protección destes dereitos cidadáns** , segundo se desprende das **competencias que lles atribúe o artigo 25.2 letra f) y h), da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das Bases de Réxime Local,**

Deste xeito, o **concello pode e debe comprobar que a emisión do ruído das campás do reloxo se axusta á normativa ambiental, para que o seu funcionamento sexa inocuo. É**

máis as normas obrigan á Administración local a efectuar unha comprobación duns feitos denunciados, con visos de verosimilitud, debendo ter presente que os veciños teñen dereito a disfrutar dunha vivenda digna nun ambiente adecuado e velar polo seu cumprimento (artículos 45 y 47 da Constitución) .

CUARTA.- No presente caso, tal e como consta no informe remitido polo concello, segundo a documentación que o **Sr.** [redacted] **achega** co escrito, hai **un informe de inspección sonométrica**, solicitado polo reclamante, **co obxecto de avaliar a transmisión do ruído no interior do inmoble**.

En dito informe conclúese que mediante os datos obtidos na medición interior realizada ***"as badaladas do reloxo, en horario nocturno superan en 9 dB o máximo permitido pola regulamentación de aplicación".***

QUINTA.- **O concello**, segundo o informe elaborado pola arquitecta municipal**, pon de manifesto que no informe de inspección sonométrica** achegado por Dº [redacted] **non se recolle o illamento acústico da vivenda, expoñendo tamén que revisados antecedentes, dito inmoble non se corresponde** segundo o proxecto técnico edificatorio **cunha vivenda ou uso residencial**, **senón que corresponde a un rocho baixo cuberta e conseguintemente descoñécese si dito rocho cumpre as medidas do Código Técnico que deben reunir as vivendas**.

SEXTA.- De todo o exposto dedúcese que neste expediente destacan as seguintes cuestións:

1º.- **Unha cuestión urbanística, que non é obxecto da queixa,** na que procederá , no seu caso, e como así o pon de manifesto o alcalde no informe, adoitar as medidas que correspondan para a protección da legalidade urbanística .

2º.-**A cuestión de contaminación acústica manifestada polo Sr.** [redacted] no se escrito de queixa**, que é o obxecto da mesma.**

3º.- **Que o Concello de Ares, amparándose na cuestión urbanística do inmoble** do que o reclamante encarga un informe de inspección sonométrica do que resulta que as badaladas do reloxo, en horario nocturno superan en 9 dB o máximo permitido pola regulamentación de aplicación, **trata de evitar a cuestión ambiental plantexada polo Sr.** [redacted]**, eludindo o papel fundamental que o concello ten na protección destes dereitos cidadáns , segundo se desprende das competencias que lles atribúe o artigo 25.2 letra f) y h), da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das Bases de Réxime Local.**

Por todo o exposto e en aplicación do disposto no artigo 32.1 da Lei 6/1984, da Valedora do Pobo, faise chegar a ese Concello de Ares a seguinte :

RECOMENDACIÓN

Que por parte do Concello de Ares se proceda a comprobar a realidade dos feitos denunciados,é dicir a intensidade sonora das campás do reloxo da torre municipal sita na praza da igrexa, no horario de 12 da noite a 8 da mañá, adoitando, se fose necesario, as medidas adecuadas e razoables dentro dos límites tolerables de conformidad coa normativa vixente aplicable.

Agradézolle de antemán a acollida ao manifestado nesta resolución da Valedora do Pobo, e recórdolle a necesidade de que no prazo dun mes (art. 32.2), dea conta a esta institución da aceptación da resolución formulada, de ser o caso, e das medidas adoptadas para darlle efectividade, tamén se é o caso.

Ademais, facémoslle saber que, en aplicación do principio de transparencia, a partir da semana seguinte á data na que se ditou a presente resolución, esta incluirase na páxina web da institución.

Debo lembrarlle tamén que, ao abeiro da lei reguladora desta institución, o seu artigo 33 prevé que, se formuladas as súas recomendacións, non obtivese resposta ou, nun prazo razoable, non se producise unha medida adecuada ao suxerido, a Valedora do Pobo poderá poñer os antecedentes do escrito e as recomendacións efectuadas en coñecemento do conselleiro do departamento afectado ou da máxima autoridade da Administración Pública galega.

Se tampouco obtivese unha xustificación adecuada, incluirá tal asunto no seu informe anual ou especial con mención dos nomes das autoridades ou funcionarios que persistan naquela actitude, especialmente nos casos en que, considerando a Valedora do Pobo que era posible unha solución positiva, esta non se conseguise.

O principio de publicidade das resolucións desta institución refórzase no artigo 37 da Lei 6/1984, cando prevé que a Valedora do Pobo, no seu informe anual ao Parlamento de Galicia, dará conta do número e tipos de queixa presentadas; daquelas que foron rexeitadas e as súas causas, así como das que foron obxecto de investigación e o seu resultado, con especificación das suxestións ou recomendacións admitidas pola administración pública galega.

Saúdoo atentamente.

María Dolores Fernández Galiño
Valedora do Pobo
(Asinado dixitalmente)